

Asociación de Profesores
de Música de Secundaria
e Bacharelato

I. E. S. PRIMEIRO DE MARZO BAIONA (Pontevedra)	
DATA: 10 de marzo de 2009	
Nº ENTRADA	Nº SAÍDA 290

Directora Xeral de Ordenación e Innovación Educativa María José Pérez Mariño

Óskar Galende García con DNI 11.965.133-G en calidade de **presidente** da
ción de Profesores de Música de Secundaria e Bacharelato, asociación inscrita no
co número 2004-7643-1

Expón

Que de xeito experimental os conservatorios de Vigo e A Coruña están a impartir, xunto cos centros de referencia IES Alexandre Bóveda de Vigo e Salvador de Madariaga en A Coruña, a modalidade de **bacharelato de Artes** na súa denominación **Música e Artes Escénicas** durante o curso 08-09.

Que o obxectivo fundamental desta experiencia é facilitar a simultaneidade dos estudos específicos de música e a realización do bacharelato.

Que o alumnado beneficiado sería o que simultanease 1º de bacharelato con 5º de grao profesional e 2º de bacharelato con 6º de grao profesional sempre que as materias propias de modalidade se puidesen validar coas equivalentes do conservatorio (a normativa aínda non saíu e probablemente ata finais de curso non saía).

Que no resto dos casos —alumnado do conservatorio sen sincronía entre os dous estudos e alumnado de fóra do conservatorio que quera acceder, por exemplo, á Escola Superior de Arte Dramática— non existe beneficio algún na integración xa que no primeiro caso, se non queren cursar as propias da modalidade, terían que esperar a cursar os cursos 5º e 6º de grao profesional para obter a validación desas materias e obter, co conseguinte retraso, o título de bacharelato e a opción de presentarse á proba de selectividade.

Que as materias (*Análise musical I e II. Historia da música e da danza. Linguaxe e práctica musical*) do currículo do bacharelato (Decreto 126/2008, DOG do 23 de xuño de 2008) e adscritas ao profesorado do corpo de ensino secundario da especialidade de música —segundo Anexo IV do proxecto de Real Decreto de 24 de Marzo de 2008 polo que se definen condicións de formación para o exercicio da docencia na educación secundaria obligatoria, o bacharelato, a formación profesional e as ensinanzas de réxime especial, e se establecen as especialidades dos corpos docentes de ensino secundario— deben ser impartidas por profesorado do corpo e especialidade mencionados.

Que estas materias do currículo de bacharelato comezarán a impartirse en ámbolos dous centros **por persoal do corpo de profesores de música e artes escénicas**, algo insólito e totalmente irregular que por sí mesmo representa un

perigoso precedente na usurpación de competencias entre persoal de diferentes corpos.

- Que para máis absurdo os funcionarios do corpo de música e artes escénicas non necesitan posuír título equivalente a licenciado, senon que lles é suficiente o título de grado medio do plan 1966. Isto leva a que persoal sen titulación superior poda impartir materias de bacharelato cando ata o profesorado de Relixión, que ten un tratamento especial polo xeito de elección de persoal, debe cumprir con este requisito.

Solicita:


- Que en cumprimento da lexislación vixente, as materias relacionadas (*Linguaxe musical e práctica, Análise I e II, Historia da Música e da Danza*) sexan impartidas por profesorado do corpo que legalmente lle corresponde, isto é, funcionarios do corpo de ensino secundario da especialidade de Música.

Vigo, 18 de Setembro de 2008

Asinado



Óskar Galende García, presidente de Asomúsica



Datos para efectos de notificación:

IES Primeiro de Marzo

Rúa Virxe da Rocha

36300 Baiona (Santa Maria de Afuera p.)

Teléf. contacto: 670 97 35 26